

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Presentación

1.1. A comisión organizadora de Muros Mira ao Mar convoca o **IX Concurso de ambientación mariñeira tradicional**, patrocinado pola Escola Deportiva OS MIUDOS.

1.2. O Concurso desenvolverase durante os días **5, 6 e 7 de xullo**, dentro do programa das Xornadas de Cultura Mariñeira "Muros Mira ao Mar".

2. Condicións de participación

2.1. Poderán presentarse ao mesmo os comercios con establecemento aberto ao público na vila de Muros.

2.2. Deberán inscribirse para tal fin, **entre o 1 e o 4 de xullo**, polo seguinte medio:

Presentando a folla de inscrición no Rexistro Xeral do concello de Muros en horario de 08.00 a 14.00 h.

2.3. Deberá poñerse en sitio visible, no exterior, o distintivo da acreditación da súa participación no Concurso.

3. Premios do concurso

3.1. Entre todos os locais comercias presentados ao concurso, o xurado elixirá un local comercial gañador:

- Primeiro Premio de ambientación mariñeira Muros Mira ao Mar 2019

Contía dos premios

PREMIOS DO XURADO OFICIAL

1º Premio de ambientación mariñeira Muros Mira ao Mar 2019:

200,00 € + trofeo.

O xurado poderá declarar deserto o premio en caso de que ningunha das ambientacións reúna uns mínimos de esforzo e calidade.

3.2. Valorarase:

A decoración do escaparate, a ambientación do local e o vestiario do persoal.

4. Funcionamento do concurso

4.1. O concurso celebrarase do **5 ao 7 de xullo de 2019**.

4.2. Durante os días de celebración, os membros do Xurado visitarán todos os establecementos participantes.

4.3. O Premio á Mellor Ambientación “Muros Mira ao Mar” 2019 será outorgado ao local que **reciba a maior puntuación.**

4.4. Valoraranse os seguintes criterios:

- Premio dirixido a Locais Comerciais: decoración do escaparate, ambientación do local e vestiario do persoal que o atende.

5. Xurado oficial do concurso

5.1. O xurado valorará os locais en función dos criterios de puntuación propostos pola Organización. A puntuación final obterase como resultado da media dos puntos obtidos de cada un dos membros.

5.2. O xurado estará composto por

Presidenta: Alcaldesa do concello de Muros, ou concelleiro/a en que delegue.

Vogais: tres persoas propostas pola Comisión organizadora das Xornadas Muros Mira ao Mar

Secretaria: A técnico de cultura do concello de Muros, sen voz nin voto

5.3. Como metodoloxía, **o xurado NON avisará aos establecementos adheridos da súa presenza,** co obxecto de valorar a ambientación tradicional mariñeira coa maior transparencia.

6. Publicidade do concurso

6.1. As bases do concurso serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello, a páxina web e o facebook Muros Mira ao Mar

7. Acto de entrega de premios

O fallo do xurado darase a coñecer na cerimonia ou gala de entrega de premios, **o día 7 de xullo de 2019 e será inapelable.**

8. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

FICHA DE INSCRICIÓN:

DATOS DO ESTABLECEMENTO


Nome do establecemento _____
Rúa/ Praza _____
Número _____
Código postal _____
Teléfono _____
Correo-e _____
Horario de apertura _____

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DO ESTABLECEMENTO

Nome _____
Apelidos _____
DNI _____
Teléfono _____
Correo-e _____

Muros, de de 2019

Sinatura



* Acepto as bases do concurso de Ambientación Mariñeira - "Muros Mira ao Mar" 2018.